

“MÁIS QUE UN TEITO”

Programa para as familias do alumnado de primaria- maio 2014

Os Departamentos de Servizos Sociais dos concellos de Cabanas e Pontedeume poñen en marcha un programa totalmente gratuito no que se traballará sobre diferentes aspectos e temáticas de interese para pais, nais ou persoas responsables do alumnado de primaria.

Por este motivo convidámosvos o próximo **mércoles 14 de maio** á presentación do mesmo, onde poderedes coñecer o formato, os contidos e ás persoas que o guiarán; consultar dúbidas, propoñer horarios e inscribivros se así o decidides. O lugar de celebración será **FOREMDES** ás **18:30** da tarde.

Se non podedes asistir pero estades interesados/as no programa podedes chamar aos seguintes **teléfonos: 981 433 288** (Servizos Sociais Concello de Pontedeume) ou **981 431 007** (Servizos Sociais Concello de Cabanas).

Que buscamos neste espazo?

1. Ofrecer ás familias un espazo de intercambio, diálogo e reflexión sobre temáticas de interese na educación dos fillos/as.
2. Proporcionar ás familias ferramentas para intervir sobre as dificultades que atopan cos seus fillos/as.
3. Mellorar a comunicación e as pautas de resolución de conflitos dentro das familias participantes.
4. Dar a coñecer estratexias positivas e eficaces na educación dos seus fillos/as.

Ademais, para as persoas que así o desexen posibilitarase a **consulta individual** para superar posibles dificultades que xorden no seo familiar cos fillos/as (dificultades para acatar normas; apatía; dificultades ante os estudos, agresividade...).

CONTARASE CUN **SERVIZO DE CANGUROS** DURANTE AS SESIÓNS

AGARDAMOSVOS!